



Páx 2-5

**PONTEVEDRA:**

Ofensiva para impedir a consolidación de ENCE e ELNOSA.

Páx 6

**PONTEVEDRA:**

Seguridade viaria na contorna de Príncipe Felipe

Páx 7

**PONTEVEDRA:**

- ILP da CIG sobre a tarifa eléctrica
- VOU: o voluntariado de Pontevedra

Páx 8

**PONTEVEDRA:**

Unha cidade chea de vida

Páx 9

**PONTEVEDRA**

En setembro comezan as obras da praza do Hospital e do acceso a Monte Porreiro por Os Campos

Páx 10-11

**PONTEVEDRA**

Discurso de Sabela Bará no Día da Galiza Mártir

**CONTRACAPA**

Feira Franca



## Impidamos a Consolidación de ENCE e ELNOSA

O PP está empeñado en consolidar o complexo contaminante de ENCE e ELNOSA en Lourizán, e non dubida en poñer toda a súa maquinaria para logralo, tentando hipotecar a plena recuperación da nosa ría.

**Algún día saberemos os termos das conversas e acordos entre o PP, a pasteira e a cloreira.** Pero o importante agora é frealos. Temos, como sociedade, que poñer todo o noso esforzo para conquerilo.

Neste sentido o alcalde de Pontevedra ven de lanzar unha **ofensiva institucional, política e social** para facerlle fronte a este atentado que o PP pretende cometer contra a ría de Pontevedra e os seus habitantes.

Mentres **este tipo de instalacións están a ser desmanteladas de todas as cidades**, o PP tenta consolidalas en Pontevedra, unha cidade que por activa e por pasiva, institucional e socialmente, berrou ben claro que non que non as quere aí.

Como dicía unha vella faixa do BNG: **“Por economía. Por ecoloxía. Por dignidade: ENCE-ELNOSA fóra da ría”.**



## Lores lidera unha ofensiva institucional, política e social a prol da saída de Ence e Elnosa da ría de Pontevedra

“Moi preocupado” ao ver que “o Partido Popular está a poñer en marcha, dunha forma cada vez máis clara, toda a maquinaria política e lexislativa ao servizo da permanencia do complexo industrial de Ence e Elnosa na ría, hipotecando o seu futuro por máis de un século”. Son palabras do alcalde de Pontevedra, Miguel Fernández Lores, quen xulga “urxente e necesario” unha ofensiva institucional, política e social “o máis ampla posíbel” para evitar que as dúas industrias manteñan a súa actividade en Lourizán, para impedir a consolidación definitiva do “maior problema de carácter ambiental e urbano que ten a nosa comarca”.

“Hai que tratar de evitar que o PP no Goberno do Estado tome unha resolución sobre Ence (que lle conceda a prórroga da concesión) antes das próximas eleccións” sostén o alcalde, seguro de que “estamos no último chanzo que temos” para recuperar a concesión de Lourizán e a ría para usos tradicionais, marisqueiros e turísticos. Tamén esixe á Xunta de Galiza que faga uso das súas competencias exclusivas e emita un ditame desfavorábel á prórroga de Ence.

O alcalde fai un chamamento aos cidadáns e colectivos sociais para que manifesten a súa oposición ao que define coma “un atentado” contra a ría, a permanencia de Ence e de Elnosa. O caso da cloreira é máis grave aínda, xa que “estaba finiquitada”

en virtude do acordo acadado coa Consellería de Medio Ambiente polo que se comprometera a cesar actividade no 2016. Fernández Lores reivindica que “os pontevedreses temos dereito a ter un modelo de desenvolvemento do noso territorio que respecte o medio ambiente” e os gobernos da Xunta e do Estado “non poden actuar ás nosas costas”.

Fernández Lores arranca a ofensiva institucional cunha proposta de acordo sobre a saída de Ence e Elnosa que levará ao Pleno do Concello de Pontevedra. Resolucións no mesmo sentido serán tratadas nos distintos concellos da ría, no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.

### Apoio da Deputación

Nesta ofensiva para acadar a saída de Ence e Elnosa da ría, o Concello de Pontevedra terá, por vez primeira, ao lado o Goberno da Deputación Provincial, que aprobará unha moción de apoio á posición do Concello. Coa moción instará á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado “para que non se prorrogue a concesión” de Lourizán.

É un posicionamento falado pola presidenta da institución provincial, Carmela Silva, co alcalde Miguel Fernández Lores.

O complexo industrial púxose no franquismo, en contra da poboación, tentouse consolidar no fraguismo en contra da poboación, e agora pretenden eternizalo. Os mesmos cans con distintos colares

## Nin Fraga se atreveu a tanto: o PP pretende perpetrar un crime contra a Ría



Primeiro as declaracións (do conselleiro de Industria) de que Elnosa podía quedarse perfectamente en Lourizán en contra do que se levaba dito até ese momento e agora a solicitude de prórroga de Ence que ademais coincide temporalmente coa resolución da concesión por parte de Costas do Estado, “al-

**gún día se saberá o que está negociando Ence e Elnosa co Partido Popular porque leva poñendo toda a maquinaria lexislativa e administrativa, tanto do Estado como da Xunta, ao servizo delas”** sinalou a concelleira de Urbanismo, Carme da Silva.

Lembra a nosa compañeira como “primeiro se fixo unha modificación da Lei de Costas ao servizo da permanencia de Ence, despois un regulamento da Lei de Costas que deixa claro, por si quedaba algún resquicio, que a intención é conceder esa prórroga e despois resólvese a concesión, cunha decisión política na que parece que molesta máis un campo de fútbol que todo complexo industrial de Ence-Elnosa”.

**O Concello vai a recorrer a resolución de Costas, que ampara a vixencia da concesión dos terreos en Lourizán.** Ten de prazo ata o 5 de outubro. “Imos a recorrer pero agora os servizos xurídicos están valorando presentar un requirimento de anulación por vía administrativa antes do recurso Contencioso” explica Da Silva. **“Temos que seguir loitando con todos os medios legais ao noso alcance pero, fundamentalmente, cos nosos medios sociais.** A poboación de Pontevedra rexeitou en numerosas ocasións que Ence siga na ría; xa como un mal menor se aceptaba que se fóra no 2018 e seguiremos loitando”.

Lembra a concelleira de Urbanismo que este complexo industrial se puxo no franquismo, en contra da poboación; intentaron consolidalo no fraguismo en contra da poboación e agora queren eternizala”. Fixo un chamado a toda a sociedade para que non se quede parada “porque non imos dar a batalla por perdida”.

A Xunta de Galiza ten que emitir un informe ambiental – “preceptivo pero que nin é vinculante” – sobre a solicitude de prórroga de Ence e o Concello de Pontevedra dille que utilice os recursos que ten, pois ten as competencias

exclusivas en ordenación do territorio. “Que as use para impedir que, pola vía de modificación da Lei de Costas e por todo o que se fixo a continuación, se poda manter eternamente Ence, porque xa estamos falando de períodos que superan con moito o ciclo vital dunha persoa”. En resumo, sinala a concelleira de Urbanismo **“estamos a pedir que a Xunta use as competencias que ten e as exerza en beneficio dos cidadáns e non dunha empresa, porque até agora só as utilizou para facer o plan de incidencia supra municipal nun intento de consolidación e para pasar por riba do concello nas autorizacións ambientais integradas”**

### Recado urxente, confidencial e garimoso para Elnosa\*

Manuel María

**CONTAMINADORES do aire puro e da auga humilde, casta e cristalina.**

**Aniquiladores da sagrada fraga**

**misteriosa, cantora e ancestral.**

**Masacradores de peixes e paxaros.**

**Violadores de canto ama, vive e canta.**

**Destructores de paisaxes.**

**ENEMIGOS DA VIDA E DA BELEZA.**

**Consentidores de tanto xenocidio, de sementar de morte á Creación.**

**¿Cando desaparecerán as vosas artes?**

**Vós sodes toda a miseria deste mundo:**

**¡só cultivades a morte e a vileza!**

\* Poema escrito por Manuel María, a quen o vindeiro ano se lle adica o Día das Letras Galegas, para a revista “RAZÓNS: A mentira de Ence”, publicada pola Asociación Cultural Maiolongo en xuño de 2004.

# PROPOSTA DE ACORDO DO ALCALDE DE PONTEVEDRA SOBRE A SAÍDA DE ENCE-ELNOSA DA RÍA DE PONTEVEDRA

## Exposición de motivos

**1.- A presenza do complexo ENCE-ELNOSA na Ría de Pontevedra supón desde a súa instalación nos anos sesenta do século vinte o maior problema de carácter ambiental e urbanístico que ten a nosa comarca.** Se a súa ubicación nesa época era desafortunada e imposibilitou o desenvolvemento económico e social das potencialidades da Ría de Pontevedra (pesqueiro, marisqueiro, turístico, etc), na actualidade é inaceptabel.

**O modelo de desenvolvemento urbano e ambiental que se está a promover e executar na sociedade actual choca frontalmente coa presenza dun complexo industrial destas características nun entorno urbano e natural como a Ría de Pontevedra;** numerosas cidades están a desenvolver planos de recuperación e rexeneración de espazos urbanos e naturais degradados pola presenza de instalacións industriais que son obrigadas a trasladar a súa ubicación.

A sociedade de Pontevedra ten manifestado en numerosas ocasións, así como numerosos colectivos sociais, profesionais e ambientais, a súa **vontade inequívoca da desaparición de ENCE-ELNOSA da Ría.**

**O Concello de Pontevedra ten actuado de forma contundente ante calquer intento de consolidación** (papeleira, desafectación de costas, inclusión na zona de servizos do porto de Marín, proxecto sectorial, AAI's, etc). Vaino seguir facendo e recurrido todos os acordos que pretendan perpetuar o complexo na Ría.

**2.- O Partido Popular, puxo toda a maquinaria administrativa e legislativa do Estado ao servizo da permanencia de ENCE-ELNOSA na Ría de Pontevedra:**

**Modificación da Lei de Costas** para posibilitar a prórroga da concesión máis alá do 2018 (maio 2013), **regulamento de desenvolvemento da Lei de Costas** (outubro 2014), **Resolución de Costas sobre a situación da actual concesión** (xullo 2015).

Esta situación permítelle á empresa ENCE solicitar a prórroga da concesión en xullo de 2015 para,coa complicitade do Goberno español, garantir a súa permanencia durante máis dun século na Ría de Pontevedra. Decisión que agardan no Consello de administración de ENCE que sexa tomada antes das próximas eleccións xerais e a correspondente renovación das cámaras de representantes e do goberno español.

**O goberno de Mariano Rajoy permitirá que os intereses dun grupo empresarial privado condicionen o futuro da Ría de Pontevedra até ben andado o século XXI.**

**3.- A complicitade entre o PP e as empresas van supoñer un regalo de máis de mil millóns de euros** (aforro da nova instalación, consecución de novos terreos noutra ubicación,deixar de ter auga gratis, etc). **O PP debería aclarar que está a negociar con ENCE** para ter que facerlle un agasallo desta magnitude.

**4.- A recentes declaracións do Conselleiro de Industria, asimilando a situación de ELNOSA coa de ENCE, deixan ver claramente a intención do PP de perpetrar a continuidade da cloreira** na Ría de Pontevedra e o compromiso do PP de seguir a agasallar millóns de euros a empresas privadas a cambio do futuro, e da seguridade, da poboación das comarcas da Ría de Pontevedra.

Despois de reiterar que a AAI de ELNOSA, anulada por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza debido ao recurso presentado polo Concello de Pontevedra, o goberno galego repetía constantemente que supoñía a caducidade de ELNOSA no ano 2016.

**Ningún goberno responsábel, que poña os intereses xerais por riba dos privados, podería estar a falar de manter nun entorno urbano unha instalación destas características.**

5.- O goberno galego non pode actuar de costas á sociedade e ser cómplice silente da decisión de perpetuar ENCE-ELNOSA na Ría.

A Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en Ordenación do Territorio, elaborou e aprobou definitivamente en febreiro de 2011 as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e o Plan de Ordenación do Litoral (POL).

A Lei de Ordenación do Territorio de Galiza configura as (DOT) como instrumento de carácter global, expresión da política territorial que constitúe o marco xeral de referencia. Nelas establécense as pautas espaciais de asentamento das actividades, consonte ás políticas sociais, económicas e culturais emanadas da comunidade, con integración, se é o caso, das emanadas do Estado así como as propostas que xurdan das entidades locais.

As DOT definen, xa que logo, o modelo territorial de Galiza que orienta as actuacións sectoriais proporcionando criterios territoriais e ambientais, no que atinxe ao complexo ENCE-ELNOSA determina de xeito estratéxico que:

***“...se require unha reordenación dos usos, trasladando cara outros emprazamentos instalacións e actividades que non precisen localizarse xunto ao mar e que na actualidade signifiquen un elevado coste de oportunidade. É o caso de numerosas actividades industriais, a máis importante das cales é a gran planta de celulosa que limita a conexión de Pontevedra coa marxe meridional da súa ría”***

***“...Neste contorno evitárase, na medida do posíbel e con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturas xeradoras de impacto ou que non teñan a necesidade de localizarse xunto ao mar para garantir a súa viabilidade”***

Segundo o POL, o complexo ENCE-ELNOSA intégrase no eido dun ámbito de recualificación nunha ***“área continua de mellora ambiental***

***e paisaxística”*** con incidencia de corredores. A regulación deste ámbito está recollida na disposición adicional terceira do POL.

Por se hai algunha dúbida do seu alcance, as propias empresas recorreron as determinacións das DOT e o POL e **en numerosas ocasións en sede parlamentar os responsabeis do goberno galego aludiron a estes instrumentos como garante da non permanencia so complexo industrial na Ría.**

**É pois impensábel un informe favorábel por parte da Administración galega a unha prórroga da concesión de ENCE e ELNOSA.**

Por todo o exposto, o pleno do Concello de Pontevedra acorda:

- 1. Esixir do Goberno do Estado a paralización inmediata de toda actuación conducente á prórroga das concesións de ENCE e ELNOSA na Ría de Pontevedra. En ningún caso tomar unha decisión antes da constitución do próximo goberno do estado**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a exercer as súas competencias exclusivas en ordenación do territorio e informar desfavorabelmente a prórroga de ENCE e de ELNOSA, de solicitála, en Lourizán.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a iniciar a elaboración do instrumento de ordenación do territorio conducente a recuperación e rexeneración do espazo ocupado polo complexo**
- 4. Anular a AAI de ELNOSA e paralizar a súa actividade, nunca prorrogábel máis alá de 2016.**





**Concello e Deputación mostran a súa total sintonía**

## **Seguranza viaria no contorno de Príncipe Felipe**

O Concello de Pontevedra e a Deputación están en total sintonía para mellorar a seguranza viaria no contorno de Príncipe Felipe en Montecelo. Responsábeis políticos e técnicos das dúas administracións reuníronse para abordar o proxecto de mellora global de accesibilidade, seguranza viaria e mobilidade no que está a traballar o Goberno local para a estrada que chega a Montecelo e ás instalacións provinciais da cidade infantil. O resultado do encontro foi positivo, xa que ambas institucións seguen unha mesma filosofía xeral sobre a materia. Así, iniciouse “un bo clima de colaboración” que se concretará en reunións técnicas para atopar propostas conxuntas de calmado do tráfico nas vindeiras semanas.

O concelleiro de Mobilidade de Pontevedra, Luís Bará, subliñou que a seguranza viaria é un obxectivo primordial para o Concello de Pontevedra e que **o proxecto de Montecelo persegue unha mellora global da accesibilidade, a seguranza viaria e a mobilidade dos veciños** (tanto peonil, como no referido ao transporte público e aos estacionamento). A reunión encádrase nunha rolda de contactos con todas as institucións afectadas polas obras na vía que une a N-541 coa C-531 (que se centrarán principalmente) na fronte do Hospital Montecelo e nas inmediacións do Príncipe Felipe. Proximamente haberá un encontro con responsables do CHOP e do CIFP Carlos Oroza para que tamén realicen as súas aportacións. “A Policía Local detectou vehículos a 107 quilómetros por hora ás seis da tarde nesta vía e eso hai que solucionar”, manifestou Luís Bará. Pola súa parte, a deputada responsable de Príncipe Felipe, Eva Vilaverde,

indicou “sintonía común” das dúas administracións e aplaudiu as actuacións que está a levar adiante o Concello de Pontevedra nos contornos dos centros educativos para garantir a seguranza viaria. Neste sentido, sinalou que o Príncipe Felipe é un “macrocentro” no que se inclúe un centro de Primaria, un de Educación Infantil, un de Ensino Especial, outros de Formación Profesional (o IES Montecelo e o CIFP Carlos Oroza) e os centros de acollida da Deputación. **“Estamos a falar dun movemento de entrada e saída ao centro que chega ás 1.500 persoas, e todas elas atópanse cun problema de acceso e una situación do viario que non é a máis segura”**, afirmou.

Neste sentido, o novo asesor provincial en materia de mobilidade, Jesús Fole, apuntou a posibilidade de crear unha **glorieta no acceso á cidade infantil**, que serviría de calmado do tráfico e facilitaría a incorporación dos usuarios ás instalacións. O técnico estudará o anteproxecto sobre a zona realizado pola Policía Local de Pontevedra e propondrá as actuacións que considera máis axeitadas para esa localización.

Pola súa banda, o deputado responsable de Infraestruturas, Uxío Benítez, subliñou que coa reunión de onte evidéncianse as novas actitudes e o cambio na Deputación en dous sentidos. O primeiro, na concepción de que o organismo provincial se debe aos concellos: “vimos a escoitar a un concello exemplar e a facer propostas non a dicir que hai que facer impondo”. Por outra banda sinalou que o departamento de Infraestruturas provincial terá como principal eixo realizar actuacións

onde as persoas (e non os vehículos) serán as protagonistas: **“as infraestruturas deben estar ao servizo dos usuarios e tódalas medidas que avancen en accesibilidade, seguranza viaria e mobilidade terán un oco nas nosas políticas de actuación”**, finalizou.

A proposta do Concello para a estrada municipal (que pertenceu á Deputación ata setembro de 2008) inclúe **melloras de beirarrúas, a creación de sendas peonís nas cunetas que agora invaden os coches, a reordenación das paradas de autobús e das zonas de carga e descarga, a creación de estacionamento de motocicletas, o traslado de zonas de aparcamento para discapacidades a lugares máis accesibles, a instalación de medidas de calmado do tráfico e a mellora da iluminación**, entre outras.

O obxectivo é que todo o contorno teña un **tratamento urbano como o que merece un espazo central como é o Hospital Montecelo e o Príncipe Felipe, utilizados por milleiros de persoas de toda a provincia a diario**.

No encontro estiveron presentes os deputados provinciais Eva Vilaverde e Uxío Benítez; o director do Príncipe Felipe, José Ramón Couto; o asesor provincial de Mobilidade, Jesús Aser Fole; e a técnica do servizo provincial de Infraestruturas, Belén Pampín, por parte da Deputación. Por parte do Concello estiveron presentes os concelleiros Luís Bará e Alberte Oubiña, xunto co enxeñeiro municipal, Jesús Gómez Viñas.



## O BNG apoiará a ILP da CIG a prol dunha tarifa eléctrica propia

A CIG ven de lanzar unha ampla campaña para que Galiza conte cunha tarifa eléctrica propia que nos permita aproveitar as vantaxes de ser os segundos maiores produtores do Estado, e o primeiro en enerxías renovábeis. E a pesar de ser excedentarios cada día pagamos máis. Pero pagamos por consumo eléctrico ("término de enerxía") menos da metade do total facturado. O resto son custos fixos ("término de potencia"), peaxes, impostos e déficit tarifario. Cada vez pagamos máis, aínda que consumamos menos.

Como en tantas outras cousas Galiza é rica en enerxía, e temos que nós mesmos saber poñer esa riqueza ao servizo dos galegos e galegas e das nosas empresas. E neste sentido vai a ILP da CIG, que concorda plenamente coa campaña que levou a cabo o BNG o pasado ano.

En apoio a esta ILP a CIG o Alcalde de Pontevedra ven de recibir a unha delegación da CIG composta polo seu Secretario Comarcal, Marcos Suárez e polo Secretario da Federación de Químicas, Jon Joseba Barturen.

O BNG comprometeuse a apoiar esta iniciativa, que inclúe medidas para garantir a enerxía como servizo público e medidas contra a pobreza enerxética, que neste momento afecta xa a máis de cen mil galegos e galegas, en todos os concellos do país



## VOU: o programa municipal de voluntariado

O Concello segue a traballar para que en setembro comencen as primeiras accións previstas no programa de voluntariado municipal, VOU.

Estase a deseñar a campaña divulgativa entre a mocidade comezando por charlas e visitas nos centros educativos onde se explicarán as liñas mestras do programa e as distintas iniciativas onde se poden apuntar. Tamén se irán aproveitando todas as actividades que se desenvolvan noutras áreas para colocar mesas informativas.

Por outra banda, nos próximos meses terán lugar accións concretas como a recuperación do patrimonio nas parroquias e barrios, o acompañamento a xestións administrativas, e o acompañamento a maiores.

Por último, será prioritario o fomento do voluntariado nas asociacións que tradicionalmente veñen precisando, como o de apoio escolar na Fundación Meniños e Secretariado Xitano.

O voluntariado social está unido á idea de acción solidaria, desinteresada e a preocupación do benestar colectivo da sociedade na que se vive. A participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social é unha aspiración desta cidade. Esta participación social vese consolidada cando as persoas e os grupos nos que se integran desenvolven por sí mesmos e dunha

forma totalmente libre, altruísta e solidaria, actuación que procuran a mellora da calidade de vida. Para que estas actuacións non sexan actos individuais e espontáneos e pasen a ser colectivo e organizados, o Concello pon en marcha o programa VOU.

A OFICINA VOU estará ubicada na Casazul e en próximas datas terá lugar a apertura dunha convocatoria xeral e ampla onde se poden apuntar todas aquelas persoas que o desexen.

**O programa inclúe a acción voluntaria en medioambiente, en cultura, en deporte, no social, no sociosanitario, e en todos aqueles eidos que se consideren axeitados para o voluntariado.**

# Unha cidade chea de vida

**A planificación e a claridade na definición política son cuestións fulcrais á hora de determinar as accións para a promoción turística** dunha cidade. Se até o momento o BNG non tivo responsabilidade na xestión destas áreas é neste mandato cando toma o relevo, e faino, coa premisa de desenvolver todo o potencial da cidade a través da captación dun tipo de turismo respectuoso co modelo e que sexa sustentábel e sostíbel no tempo.

Semella necesario **integrar a positiva imaxe que se ten da cidade na estratexia turística municipal**. Neste senso, tanto o modelo de calidade urbana como os premios conseguidos que avalan os cambios deben servir como tarxetas de presentación e complementar os recursos turísticos tradicionais (nomeadamente o Centro Histórico) que até o momento eran as únicas ferramentas que se empregaban como reclamo.

Ademais era necesario afortalar as **sinerxías entre todas as concellerías** para presentar unha cidade máis dinámica, máis divertida e máis viva. Pontevedra respira co seu tempo e oferta un abano de posibilidades pensadas para sorprender ás persoas que a coñecen por primeira vez ou que volven para comprobar o cambio experimentado.

Seguindo estas máximas o BNG crea a área de promoción da cidade pensada para fusión da promoción do modelo urbano coa promoción turística, xa que, até o momento non era así. Baixo estas premisas sumadas ao traballo conxunto das áreas de goberno a realidade amosa que avanzamos cara a dirección correcta.

Segundo os datos manexados pola Concellaría de Promoción da Cidade confirmase o **incremento de número de visitantes**. Durante o período comprendido entre os meses de Xuño – Xullo de 2.015 pasaron polos 3 puntos de información turística máis de 21.000 visitantes o que supón un incremento dun 6,89 % máis que no ano 2014. Estes datos só se corresponden coa cifra de persoas que se achegan á rede municipal de información e non coa cifra real de visitantes que é moitísimo maior a vulgar polos índices de ocupación e polo aumento de vistas guiadas.

É importante resaltar o **aumento de case un 13% do turismo internacional que visita a cidade** e un 8% que o fai por coñecer o modelo urbano.

Debemos tamén relacionar o incremento de visitantes nestes meses coa celebración de **eventos deporti-**

**vos de primeiro nivel o Campionato Estatal de Ximnasia Rítmica e os Campionatoa de Duetlón e Aquatlon**, amais de toda a programación festiva, que arrancou o 10 de xullo e non parará até a Feira Franca. **Ter unha cidade cunha axenda repleta de actividade non só beneficia ao turismo senón que contribúe a activación económica e social** da propia cidade.

Resulta relevante o **incremento de visitas guiadas** deste ano. Este ano o percorrido muda e iníciase na Praza do Concello, facendo máis sinxela e máis ordenada a visita. Un total de 1643 persoas realizaron a visita guiada o que supón superar a cifra total do verán 2014 no que foron 1630 e aínda quedando por contabilizar todo o mes de setembro. Segundo as guías axente que participa nestes percorridos queda moi sorprendida polo tamaño do Centro Histórico -moito máis grande do que imaxinaban-, polo seu nivel de conservación e pola cantidade de xente que hai pola rúa calquera día da semana e en xeral a calidade de vida que se percibe.

***Rúas e prazas cheas de xente, disfrutando da ampla programación festiva son o mellor dos avais do éxito dunha cidade pensada nas persoas, e así o certifican os indicadores da Concellaría de Promoción da Cidade.***

Do mesmo xeito crece a ocupación hoteleira durante o mes de xullo crecendo un 15% a respecto do ano 2014. A plena ocupación hoteleira de Pontevedra e a súa contorna son expresión inequívoca de que imos na boa dirección..

Todos estes datos indican que **organizar e potenciar os puntos fortes da cidade a través do modelo urbano é imprescindible para activar económica e socialmente a realidade local**. Por iso o BNG aposta polo turismo como parte importante da economía da cidade mais sempre baseada nunha estratexia propia que se afaste de criterios ríxidos e antigos no noso caso a combinación da riqueza patrimonial material e inmaterial e da calidade urbana fan un binomio difícil que constitúen a maior das fortalezas do modelo do BNG.





## En setembro comezan as obras da praza do Hospital e do acceso a Monte Porreiro por Os Campos

O concello de Pontevedra vén de adxudicar as obras da nova praza do Hospital e da mellora da mobilidade no acceso á UNED e a Monte Porreiro por Os Campos. A previsión é que os traballos comencen no mes de setembro e se prolonguen por un prazo aproximado de 4 meses.

No caso da rua Loureiro Crespo, prevese a creación dunha praza arborada de 1.200 m<sup>2</sup> na fronte do Hospital Provincial. Unha actuación de transformación e mellora da calidade urbana nunha zona que precisa de novos espazos de convivencia, lecer e dinamización.

A obra foi adxudicada á empresa COVSA con un orzamento de 335.429,30 euros.

### Melloras no acceso a Monte Porreiro por Os Campos

En setembro tamén comezarán as obras de calmado do tráfico e mellora da accesibilidade e da mobilidade peonil no acceso a Monte Porreiro desde a rúa da Pomba. Prevese a creación de beirarrúas, a construción de novos pasos de peóns, a recollida de pluviais, a reubicación de elementos de mobiliario e a reordenación da rotonda da UNED para mellorar a estética e a funcionalidade desta intersección.

Co obxecto de mellorar a mobilidade peonil e a accesibilidade nesta zona, está previsto cortar varios plátanos, desprazar a marquesina do autobús e retranquear o valado de peche do antigo colexio dos Campos.

A obra ten un orzamento de 241.120 euros e será executada pola empresa E.C.CASAS.





Discurso de Sabela Bará no Día da Galiza Mártir

## Bóveda terá de ser nun mañá próximo ou lonxano, a bandeira da nosa Redención

A Valentín Rodríguez Miguens, que nos deixou na madrugada do 17 de agosto

Fai 79 anos, pouco antes de que o asasinaran na Caeira, Alexandre Bóveda escribiulle unha carta á súa compañeira Amalia, que dicía así:

**“Eu, almiña, estarei sempre con vós, como che prome-tín. Faltan uns minutos e teño valor, por vós, pola Terra, por todos. Vou tranquilo. Adeus Vidiña. Vive pra os pe-ques e os vellos; abrázaos, enfíntaos. Sé Ti, miña pe-queña admirable, a máis valente de todos. Alá senti-rei ledicia e satisfacción de Tí e de todos. Lembrareivos sempre, velarei sempre por vós”.**

Os asasinados fascistas quitáronlle a vida a un mozo que loitara pola defensa dos seus ideais, da xustiza, da liberdade e da súa Patria. Perdemos a Alexandre, mais el deixou un inmenso legado de semente: de ideas e de memoria.

Esa memoria é a que nos permite seguir adiante nestes momentos nos que asistimos ao desmantelamento de tanto polo que outras loitaron antes, nos que vivimos unha época na que están os nosos dereitos están seriamente ameazados.

1975 quixo ser o ano da reconciliación, mais foi o ano do esquecemento. Os herdeiros dos que mataron a Bóveda co-mezaron a construír unha falsa democracia apoiada na des-memoria. Legáronos un sistema corrupto sen igualdade, nin liberdade, nin xustiza.

Nestes tempos de crise do sistema as desigualdades afon-dan na sociedade e aféctannos en maior medida ás mulleres e á mocidade.

Non hai igualdade cando unha muller non ten as mesmas oportunidades que un home. Non a hai cando as mozas e mozos temos que emigrar. Tampouco cando as fillas e fillos de clases populares non poden ir á universidade porque se eliminan bolsas de estudos e aumentan as taxas de matrícula. Non a hai cando somos estranxeiros na propia Patria e ex-perimentamos o desprezo crecente cara a nosa lingua. Non a hai cando unha persoa non pode acceder aos medicamentos e tratamentos que precisa.

Tocounos vivir, ou máis ben sobrevivir, a un momento no que o privado está por enriba do público, no que o individual está por enriba do colectivo, no que os privilexios están por enriba dos dereitos.

Estamos a vivir un momento de tal deshumanización, no que as mulleres asasinadas pola violencia machista convértense en cifras. Mais nós non esquecemos a todas e cada unha delas. Son mulleres con nomes, con vidas, con soños: Bea-triz, María Isabel, Candela, Amaia, Laura, Marina, Olga, María, Susana, Teresa... Somos as que nos opoñemos á desme-moria. Estamos fartas de sermos desprezadas, silenciadas, agredidas mentres non se poñen en marcha medidas reais e necesarias para frear o terrorismo machista.

A nosa liberdade está a vivir un tempo crítico. Estásenos a negar o dereito a ser libres. Ás mulleres quéresenos privar do dereito a decidir por nós mesmas e sobre os nosos propios corpos.

Estamos a perder dereitos colectivos, cando aos pobos se nos nega o dereito a soberanía. En Galiza, os nosos gan-deiros están a ser multados por producir leite. Dende cando producir na NOSA terra é un delito?

Precisamos autodeterminación para poder construír un futuro digno e un país libre. Xa Bóveda e Castelao sabían que o autogoberno era a solución, pois “non virá de fóra remedio ou esperanza”. Ben o saben o pobo escocés ou catalán, ir-máns aos que lles desexamos a maior das vitorias. Sabemos que máis cedo que tarde os anxeios de liberdade veranse cumpridos.

Seguindo o exemplo de Castelao e Bóveda, construiremos a República da Galiza na que non se multe por evitar un desa-fuzamento, participar nunha mobilización dunha folga estu-dantil ou elaborar un mural en defensa do dereito ao aborto. Construiremos un País novo no que non existan estas situa-cións que teñen vivido as nosas compañeiras e compañeiros ao longo dos últimos meses. Se ir máis lonxe, tres compañei-ras de Galiza Nova de Pontearreas estiveron fai dúas semanas

*en arresto domiciliario por elaborar un mural en defensa do ensino público e ser denunciados polo anterior alcalde do Partido Popular.*

*Ser nacionalista, defender a xustiza social e os nosos dereitos non é delito! Por moitas multas que nos poñan, por moita represión que exerzan sobre nós, non nos van calar!*

*Négannos a igualdade, a liberdade, a xustiza, mais nunca daremos uns pasos atrás na nosa loita. Moitas outras, en condicións moito máis duras, foron as que resistiron por nós. Resistamos nós agora por elas e eles.*

*Bóveda deixouno dito:*

***“A mocidade galega está, pois, diante dun gran dilema, ou extraviarse na loita de agonía dun réxime; ou tomar con fe, con acometividade, con audacia, o vieiro da reconstrución da súa patria natural, de Galiza, en irmandade cos mozos nazionalistas de tódalas patrias naturais do mundo, coa consiña que os mozos nazionalistas galegos deben facer súa: contra os Estados históricos, imperialistas e inxustos, que o feixismo quer conservar”.***

*A mocidade debemos asumir un papel protagonista na construción dunha Galiza nova. Nesa grande revolución da que xa falaba Bóveda, debemos amosar a nosa rebeldía. Debemos realizar unha gran revolución a prol da Patria galega.*

*A mocidade nacionalista segue aquí porque ten memoria e non esquece. Non esquecemos a todas aquelas e aqueles que hoxe son o facho que nos alumea. Como foi Francisco Carballo, unha persoa das boas e xenerosas, militante de honra de Galiza Nova, que nos deixou o ano pasado e que sempre vivirá na nosa memoria e acción. El é un grande exemplo de persoa comprometida, loitadora, ilusionada e resistente que dedicou a súa vida á defensa da liberdade do noso pobo. Nunca esqueceremos a súa forte valentía e compromiso, que nos inspiran día a día.*

*Alexandre Bóveda é un dos grandes exemplos da Galiza Mártir, representante de todas aquelas persoas que loitaron defendendo a liberdade, a xustiza social, a igualdade e unha Galiza Ceibe. Representa a aquelas e aqueles que morreron e ás que mataron en vida coa represión (as ra-*



*padas, as mutiladas, as violadas, as humilladas...), ás que forzaron ao exilio interior e exterior, ás que encadearon... A tantas e tantos que sufriron en vida un calvario eterno. Bóveda e Amalia Álvarez son exemplo de resistencia, desasemente de vencer da que falaba o tamén asasinado pola policía española Moncho Reboiras.*

*Resistimos e loitamos no noso día a día, nas rúas, nas institucións e tamén construímos. Grazas a que en Pontevedra hai un goberno nacionalista, que defende a liberdade e a memoria, Amalia Álvarez tivo no ano 1999 a mellor homenaxe, vendo como o seu compañeiro Alexandre recibía, a título póstumo, a medalla de ouro da cidade e era declarado fillo adoptivo da Boa Vila.*

*Ainda quedan moitas mulleres e moitos homes que homenaxear, que recordar. Debemos loitar firmemente contra a súa desmemoria e nunca, en ningún momento, dar a esquecemento. Como Amalia, gardemos nos nosos corazóns as cascas do piñeiro onde asasinaron a Alexandre. Teñamos dentro de nós esa valente declaración de rebeldía e dignidade.*

*Nós debemos ter a honra e o orgullo de ser dignas herdeiras deles, de Francisco Carballo, de Castelao, de Ernestina Otero, de Josefina Arruti.... Somos fillas e fillos das asasinadas, das represaliadas e das resistentes e, por todas esas persoas, debemos seguir na loita. Que lles quede ben claro, que non enterraron cadáveres, enterraron semente!*

*Remato cunhas verbas de Castelao que din así:*

***“Nos moitos cemiterios de Galiza, dormen os derradeiros mártires da Liberdade, en número incontable. A miña imaxinación veu unha fogueira en cada cemiterio, como outros tantos clamores de xustiza. Pero no de Pontevedra veu unha labarada que chegaba até o ceo. Era o lume do espreito de Bóveda que non figura na Santa Compañía dos inmortais, porque non pertence a Historia senón a Tradición en arume de lenda. Bóveda terá de ser nun mañá próximo ou lonxano, a bandeira da nosa Redención”***

***“Os que mataron a Bóveda mataron unha Galiza chea de luz, pero nós crearemos outra nova e entón o mártir revivirá”***

*Viva Galiza ceibe!*





4-5 de setembro

# Feira Franca

para consultar o programa [clique na fotografia](#)